

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás nove horas do día seis de marzo de dous mil dezanove, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Deputación Provincial, a pedimento do Grupo Socialista, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Susana Rodríguez Rodríguez, dona Isabel Gil Álvarez e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG; e don Francisco José Fraga Civeira, como deputado non adscrito.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Está ausente o deputado do Grupo Socialista don Vicente Gómez Rodríguez.

O deputado don Francisco José Fraga Civeira, incorporouse cando se trataba o punto primeiro da orde do día, e estivo ausente na votación dese mesmo punto.

A deputada do Grupo Socialista, dona Isabel Gil Álvarez, incorporouse á sesión cando se trataba o punto primeiro da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Armando Ojea Bouzo, estivo ausente na votación do punto segundo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

**1º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RETIRADA DE HONRAS, CONDECORACIÓNS E RECOÑECEMENTOS A PERSOAS CONDENADAS EN SENTENZA FIRME.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** bos días a todos e a todas os que están presentes neste salón de e aos que nos ven por algún medio ou canle de comunicación. O motivo deste Pleno extraordinario a esta hora da mañá, ben cedo, un mércores de cinza, vén motivada pola persistente negativa do presidente a tratar, por urxencia, no Pleno do mes pasado, unha moción sobre a retirada de honras, condecoracións e recoñecementos a persoas condenadas por sentenza firme. Hai outra moción, que trataremos despois, que versa sobre o cumprimento do denominado Pacto Antitransfuguismo na Deputación de Ourense. Con respecto á primeira das mocións, a exposición de motivos é a seguinte. O Consello de Europa aprobou, hai dúas décadas, o código de conduta para a integridade política dos representantes locais e rexionais electos. O documento salienta que *o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas*, subliña que as normas de conduta implican *uns imperativos éticos que deben ser respectados* e resalta que *o conxunto da sociedade debe participar na restauración dun clima de confianza nas institucións*. Ese código determina que todos os representantes públicos deberán desempeñar o cargo con arranxo á lei. No desempeño das súas funcións, insiste, *deberán servir ao interese público e non exclusivamente ao seu interese persoal, xa sexa directo ou indirecto, ou ao interese privado das persoas ou grupos co fin de obter un beneficio persoal directo ou indirecto*. A Conferencia de Ministros europeos responsables das institucións locais e rexionais insistiu nesta mesma dirección coa declaración sobre participación democrática e ética pública a nivel local e rexional. No mesmo sentido, a Deputación Provincial de Ourense aprobou, no Pleno do 30 e abril de 2014, o seu propio Código Ético e de Conduta, *o primeiro do seu tipo* como fixo público daquela o goberno provincial. Ese Código ten como obxectivo *regular as normas éticas de referencia* para os cargos electos e o persoal ao servizo da administración e procurar un *comportamento profesional, ético e responsable; contribuíndo a reforzar a calidade democrática e a rexeneración do sistema institucional*. En definitiva, trátase dun Código que busca a implantación dunhas normas éticas comúns que permitan a normalización das boas prácticas e a mellora da imaxe pública. Este regulamento provincial, actualmente vixente, certifica que os casos de mala xestión e corrupción *degradan e prexudican á democracia e danan a credibilidade da institucións, dos políticos e dos empregados públicos*. Incluso indica o camiño a seguir ante estas preocupantes situacións xa que di: *fronte a estes fenómenos a única*

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

*resposta posible é comprometerse co bo funcionamento da democracia local e profundar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta á participación.* O PSdeG-PSOE cre que chegou o momento de, efectivamente, comprometerse e afondar na defensa da honorabilidade desta institución, tal e como sinala ese regulamento, con accións concretas. De feito, o Código indica que será a referencia de conduta a seguir para todas as persoas que forman parte da Deputación ourensá, porque *ao ser o espello no que se mira a cidadanía, deben eludir calquera acción ou omisión que poida prexudicar, nin sequera minimamente, a imaxe institucional da Deputación e minar a confianza da cidadanía na institución.* Os recoñecementos en forma de obxectos, denominación de espazos e lugares públicos, ou honras a persoas condenadas en firme por delitos contra a Administración Pública, de corrupción, e outros tipos penais, nos espazos e lugares da Deputación e das entidades locais, impiden ser referencia ética pública e minan profundamente a confianza nas institucións. A súa permanencia no tempo, logo da sentenza xudicial firme condenatoria, indubidablemente supón incorrer en omisións que prexudican á imaxe institucional, contravindo ao propio Código Ético da Deputación e á regulamentación aprobada polo Consello de Europa. Ademais, o mantemento destes recoñecementos choca de xeito frontal contra principios que os cargos públicos da Deputación ourensá *desenvolverán activamente* na súa acción e, entre outros, di: *non deberán conducir a súa conduta de tal modo que poidan prexudicar a imaxe ante a cidadanía ou afectar a súa reputación institucional,* segundo o Código Ético. Resulta obvio que unha condena, por exemplo, por prevaricación continuada que supón un obvio menoscabo dos intereses e recursos públicos, e da imaxe das institucións, prexudica á imaxe destas estando o autor ou autora do delito tanto de corpo presente como de corpo ausente en forma de recoñecemento honorífico. Así pois, e seguindo o exemplo doutras normativas e institucións españolas e europeas que nos seus regulamentos recollen expresamente que se garantirá que os recoñecementos honoríficos ou conmemorativos recaian só en persoas dun compromiso público relevante, que en ningún caso fosen condenadas penalmente por sentenza firme, o PSdG considera que esta Deputación debe poñerse á cabeza de Galicia na defensa da ética pública e no compromiso e defensa activa da honorabilidade da política das institucións. Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo:

1.- Desposuír de honras, condecoracións e recoñecementos a concelleiros, concelleiras, deputados, deputadas e presidentes e presidentas das entidades locais e da Corporación da

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

Deputación de Ourense, que fosen condenados mediante sentenza firme por delitos contra a Administración pública, corrupción ou outro tipo de delitos recollidos no Código Penal.

2.- Retirar calquera símbolo, placa, cadro, busto, estatua; denominación de vía, espazo, lugar, celebración ou evento público; ou calquera outro elemento, obxecto ou denominación de carácter análogo aos detallados, que supoñan recoñecementos honoríficos ou conmemorativos a deputados, deputadas, presidentes e presidentas desta Deputación Provincial que fosen condenados mediante sentenza firme por delitos contra a Administración Pública, corrupción ou outros tipos de delitos recollidos no Código Penal.

3.- Instar ás corporacións locais da provincia de Ourense á retirada de calquera símbolo, placa, cadro, busto, estatua; denominación de vía, espazo, lugar, celebración ou evento público; ou calquera outro elemento, obxecto ou denominación de carácter análogo aos detallados, que supoñan recoñecementos honoríficos ou conmemorativos a concelleiros, concelleiras, deputados, deputadas e presidentes da Deputación Provincial ou das corporacións locais que fosen condenados mediante sentenza firme por delitos contra a Administración Pública, corrupción ou outro tipo de delitos recollidos no Código Penal.

De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. bos días a todas e a todos. En primeiro lugar, antes de falar da moción en si, insistir no evidente que é que este Pleno era perfectamente evitable e, hoxe, o único que nos trae aquí é a súa *cabezonería* e a súa, pois, mal entendida aplicación desas normas que vostedes mesmos se puxeron que nos levan, neste caso, a un tema que podía ser perfectamente tratado nun Pleno ordinario no que vostedes tiveron ocasión, ademais, de facelo porque non só nas propias comisións informativas do Pleno anterior, senón que na Xunta de Portavoces e no propio Pleno ordinario se trouxo este asunto e vostedes rexeitárono. Pois, como digo, lévanos a estar hoxe debatendo aquí sobre este asunto exclusivamente; co cal podemoslle aplicar literalmente aquilo que se di: *quen non quere unha cunca, dúas...* Despois, ao respecto da moción, pois, dende logo vamos a votar a favor. Non podemos estar máis de acordo, calquera medida rexeneradora ou rexenerativa do noso sistema político e do noso sistema administrativo parécenos boa. De todos os xeitos, as medidas que se nos propoñen van a ter un alcance

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

limitado; porque podemos decidir sobre o que fai a propia Deputación provincial e, en todo caso, ao resto de corporacións locais o que podemos e instalas e, en todo caso, deberían ser elas mesmas quen tomasen os acordos no seo dos propios plenos dos concellos. En todo caso, como digo, parécenos oportuno. Parécenos que como calquera tipo de medida rexeneradora é boa e debe ser posta en práctica. O que si quería aproveitar, e xa remato, para lembrarlle ao Grupo Socialista que tamén nos gustaría – e un tema que non é exactamente este, pero si que ten que ver con este - tamén nos gustaría, digo, que esta sensibilidade que agora mostran, se estendera ao conxunto do Estado e dende o propio Goberno do Estado se fixera máis por temas, como por exemplo, o da memoria histórica, que seguimos dándolle voltas aos restos do ditador e cada vez parece máis complicado quitalos de aí, máis complicado, polo que se ve, quitar, tirar de onde está agora mesmo o ditador, de mal recordo, que botar a unha familia das súas casas; e tamén nos gustaría que se iniciara, se tomaran medidas prácticas para unha reivindicación, que nos levamos, como é recuperar o Pazo de Meirás, unha anomalía histórica que temos aquí no propio país e no que solicitamos ao Goberno, mediante unha iniciativa que demandara e que fixera todos os trámites administrativos e xudiciais oportunos para recuperar este pazo que foi espoliado ao pobo galego, pois gustaríamos tamén que esa sensibilidade que agora se amosa con esta moción, pois se estendera ao Goberno do Estado e se fixera moito máis en temas como estes que tamén son temas, loxicamente, de rexeneración democrática. Nós, nesta primeira moción, vamos a votar a favor. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola, bos días a todos. *Bueno*, despois de ler a moción, indo directamente ás propostas de acordo, hai que ter en conta que o PSOE só se refire a desposuír de honras a concelleiros e a deputados, ou sexa cargos públicos, que fosen condenados mediante sentenza firme por delitos contra a Administración Pública, e isto podería parecer lóxico en principio, aínda que xa sabemos que todo o que ten que ver coa ética débese analizar caso por caso particular, iso xa o dixeron grandes estudosos da ética. O que pasa é que tamén di, ao final, que se lle deberían retirar honras a calquera concelleiro ou deputado que fora condenado por outros tipos delituosos recollidos no Código Penal. Isto xa nos parece moi arriscado, porque o Código Penal contempla infinidade de delitos, infinidade de cousas que poden non gardar absolutamente ningunha relación co labor público, que poden ser máis ou menos graves. Vou poñer un exemplo, imos poñer un dos miles de exemplos que poderíamos poñer. Vamos a imaxinar que

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

un deputado, un presidente da Deputación, un concelleiro é honrado por unha medida que eleva á provincia a unhas cotas de prosperidade, etc... e que despois de que se lle concedan honores, pois, unha noite, acabando de cenar, mete o coche na beiravía un pouquiño e atropela a unha persoa e esa persoa morre. Loxicamente vai ser condenado por homicidio involuntario, ou polo que sexa, terá unha pena máis ou menos grande. Pero a cuestión é, eticamente hai que lle quitar os honores que se lle concederon polo seu labor público? Pois, ao mellor hai que estudalo. Por iso parécenos bastante arriscado meter no mesmo saco calquera tipo delituoso recollido no Código Penal; o mesmo un que é condenado a tres meses de cárcere, que un que 30 anos. Iso é moi arriscado. Onte estiven lendo un libro sobre ética, ética do goberno, téñoos aquí (ademais recomendoumo fai tempo un deputado), *Ética pública y buen gobierno*. Estívono repasando onte porque viña un pouco ao tema; entón, unha das cousas que pon este autor, di que *non se pode xeneralizar a partir de un caso particular porque xera máis dano que beneficio. Non se pode preferir unha vitoria pírrica, inmediata, ao mantemento de principios permanentes porque iso vai contra a ética do goberno*. Parece ser que a ética dos gobernos non ten que coincidir coas éticas individuais, non?; xa sabemos que a ética é un terreo esvaradizo que foi tratado polos cerebros máis amoblados da historia, desde Kant ata Max Weber. Parece ser que despois de todo iso o que mellor se pode facer en cuestións éticas e analizar cada caso particular en concreto, non? Decía o señor Kant que a razón debería ser a razón última da ética e, agora, iso mesmo estase pondo incluso en cuestión, porque algunha vez temos falado aquí de intelixencia artificial e parece ser que cando se queren meter os principios éticos nos robots e nas máquinas, como se vai a ir facendo pouco a pouco, un dáse conta de que a racionalidade e os principios xerais en ética son moi arriscados. Entón, nós pensamos que cada caso particular debería ser analizado por separado, como din os expertos en ética. Hai unha parte da ética que se chama precisamente ética aplicada e que chega a esas conclusións; que as cuestións éticas son tan complexas que é moi difícil xeneralizar e que non é ético facer normas sen calcular as consecuencias a longo prazo que poden ter, só por tratar de vencer nun caso particular. Todo parece indicar que o caso particular que se quería tratar aquí era o caso do señor Baltar, o anterior presidente da Deputación. Aquí non consta, pero ao parecer ser iso é o que se dicía, como chegou a falarse diso na prensa. Se o caso que se pretendía tratar era, precisamente, o do señor Baltar – pai do actual presidente - pois ese tema debería tratarse de xeito específico, concreto, analizando as cousas e, posiblemente,

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

votaríamos a favor porque curiosamente, aquí, o meu compañeiro foi o primeiro, parecemo, que ridiculizou nos medios de comunicación aquela famosa estatua que se lle puxera ao señor Baltar na praza dos Blancos, non sei se lembran vostedes que foi alí cun ramo de flores, etc, etc... *Bueno*, quere dicir que nos votaríamos a favor se a cousa fora tratada así. Nós pensamos que cada caso particular debe ser analizado. Outra cousa que se podería facer sería un regulamento para quitar os honores; do mesmo xeito que hai un regulamento para conceder honores, pois, ao mellor, para quitar honores non se debe simplificar tanto como dicir: *se foi condenado por unha sentenza do Código Penal, fuera*. Non, habería que crear, ao mellor, un regulamento de retirada de honores. Aínda así, sería arriscado porque todo o que ten que ver coas cuestións éticas, como digo, é bastante complexo e nós pensamos que cada caso particular debería ser analizado con calma. Iso é o que temos que dicir, que si é verdade, si é verdade que a razón de ser desta moción é sinxelamente para retirarlle os honores ao señor Baltar, parécenos arriscado crear unha lei xeral porque, como dicía antes este experto en ética, *preferir una victoria pírrica inmediata al mantenimiento de principios permanentes, va contra las éticas de gobierno*. Entón, nós ímonos abster porque aínda que coincidimos no espírito da moción, no fondo da moción e, se en realidade a cuestión fora referida exclusivamente ao señor Baltar, posiblemente votaríamos a favor; pero, sendo tan arriscado o asunto que pode traer consecuencias a longo prazo e ser eticamente inxusto en casos futuros, polo exemplo que puña antes, ao mellor unha persoa pode ser condenada polo Código Penal por cuestións eticamente discutibles porque non sempre coincide a ética coas leis. Entón, ímonos abster. De momento nada máis, grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos están a seguir neste Pleno de transcendental importancia para esta provincia. Menos mal que onte repuxemos forzas, algúns de nós, nese grande Entroido que se celebra alá no concello da Veiga; grazas señor alcalde por invitarnos. E ao *grano*, aínda que xa dixemos case todo o que tiñamos que dicir acerca deste tema, tanto en comisión como nun breve apuntamento que fixen no pasado Pleno, tampouco me resisto a deixar ben claras algunhas cuestións. Señora Lama, con todo o respecto, que me vou a dirixir a vostede porque isto é da súa *cosecha* exclusiva, exclusiva; pois, señora Lama, resulta tremendamente decepcionante, por non dicir rexeitable, o seu proceder. Estase especializando vostede en crear espectáculos ás portas desta Deputación para

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

mentir, para facer demagogia, para agochar a súa incapacidade de planificación do traballo e cun claro fin de oportunismo para intentar facer, non me cabe outra explicación, unha apresurada *meritaje* (como lle dixen no pasado Pleno) no seu partido porque só lle quedan dous plenos nos que lucirse, ou intentar facelo, ás portas xa de dous procesos electorais. Si, señora Lama, minte vostede, minte vostede. Minte cando di, con total descaro, que este Goberno provincial está a negar o debate nos Plenos e que por iso se ven na obriga de pedir un Pleno extraordinario. Máis aló das discrepancias sobre o tempo e a forma do rexistro inicial desta moción, do que xa falamos, invitouse ao seu grupo a presentar esta iniciativa no Pleno do mes de marzo, é dicir, dentro de poucos días. Pero non, non, tirando da demagogia e dun raquíptico oportunismo político, había que dar a entender que se trata dun escrito ou dun asunto de grandísima urxencia e de vital importancia para esta provincia; disfrazado, o mesmo tempo, de gran iniciativa democrática, que vostedes nos presentan como de carácter xeral –como apuntou o señor Ojea–, pero que a súa voceira –vostede, vostede - encargase de concretar nun ex - presidente desta Deputación. Pero que manía lle teñen ao señor Baltar! Que manía! E mire que xa pasaron anos. Señora Lama, non aceptamos no seu momento a urxencia desta moción porque todos os grupos políticos, todos, coñecemos, ou temos a obriga de coñecer, por sentido da responsabilidade o Regulamento Orgánico desta Deputación, así como os prazos establecidos para as actividades dos grupos políticos. Que menos! Todos sabemos que o procedemento habitual e as datas dos prazos poden variar en función das convocatorias dos Plenos. Falo de momentos puntuais como o Nadal, a Semana Santa, un festivo, ou un mes como febreiro que só ten vinte e oito días. Non serei eu quen lles diga que cómpre ter unha mínima planificación e, por suposto, tamén unha mínima organización previas para evitar situacións como as acontecidas. Oito deputados (ben, agora sete) e tres técnicos sufragados con fondos desta Deputación creo que son suficientes para ter unha previsión clara do que hai que facer antes de cada Pleno. Unha reflexión que mesmo me leva a pensar nunha *tortícera* manobra para crear unha falsa polémica e atopar unha desculpa coa que dar máis visibilidade á súa moción e, de paso, a vostede mesma. Señora Lama, con esta moción vostedes só amosan dúas cousas, a súa enfermiza obsesión polo apelido Baltar e unha absoluta falta de proxecto político, o que é aínda moito máis grave. Vostedes están aí, na oposición, dende hai lustros –recoñecerano, é evidente - porque o seu único afán é acabar co goberno de Manuel Baltar como así foi, así foi, no seu momento cos mandatos do ex - presidente provincial. Non teñen



<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

outro proxecto político que non sexa aquel que di: *quítate tú que me poño eu*. Agardo, agardo que, dentro de poucas datas, a cidadanía desta provincia o teña en consideración. E digo isto porque vostedes non acaban de entender que os cidadáns queren un proxecto no que confiar, esixen compromisos e reclaman solucións para os seus problemas e non un constatare de confrontamento co presidente desta institución, pensando erroneamente que así conseguirán o que non lle dan as urnas. Tratan de desprestixiar a unha institución que traballa co máis grande dos compromisos e a máxima cooperación cos concellos desta provincia e facémolo cun programa coñecido por todos, Ourense 15 - 19, baseado na previsión, na planificación, na cooperación cos concellos – como xa dixen - e incluso, incluso, na anticipación. Non somos meros repartidores de cartos como vostedes queren converter esta Deputación co seu manido Plan Único; iso é para vostedes un programa de goberno? Remato xa, señor presidente, pero antes permítame dicir o seguinte: como ben poden imaxinar imos a votar en contra desta moción e o facemos, primeiro, porque este Grupo de goberno non ten competencia algunha para obrigar a ningún Concello a tomar unha decisión que lles compete a estes; pero tampouco se nos pasou pola cabeza, nin ta sequera, aconsallalos ou instalos a elo. Iso chámase, señora Lama - xa vexo que a súa experiencia non existe como responsable, só na oposición - iso chámase autonomía municipal. Tampouco tiveron os grupos políticos, perdón, tempo tiveron os grupos políticos (todos e vostedes, o Grupo Socialista) en cada concello para formular esta proposta. E se tanto interese teñen neste asunto, presenten a súa moción nos concellos que estimen oportuno e cada quen que decida. Novamente recordo, señora Lama, autonomía municipal. E segundo, tamén votamos en contra para amosar o noso máis absoluto rexeitamento á petición dun pleno extraordinario co único afán de facer ruído mediático; cando dende mediados do ano 2014 – tome nota deste dato – tiveron vostedes, se non me equivoco, 50 plenos ordinarios, 50 plenos ordinarios, para presentar esta moción e aínda lle quedan dous máis antes de rematar o mandato. Vaia urxencia, señora Lama! Ademais, José Luís Baltar retirouse da política activa no ano 2012; por certo, discretamente e dunha maneira exemplar. Deixeiño en paz de unha vez. Polo tanto, señora Lama, se no seu día os Concellos de Esgos, Nogueira de Ramuín, Blancos, Vilamartín, Melón e algún máis acordaron, no ámbito das súas competencias, algunha condecoración ou algún recoñecemento á figura de José Luís Baltar respecten vostedes a súa autonomía. E con esa mesma autonomía o día que

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

decidan retirarlle eses recoñecementos que o fagan alí onde corresponde e non aquí; non nos corresponde tutelalos. E de momento, nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas, presidente. Di que é un pleno de transcendental importancia con *socarronería* como non pode ser doutro xeito vindo do seu portavoz. Xa o ten feito máis veces cara á esta portavoz que lle fala. Non necesito ningunha proxección pública no campo da política porque xa a teño no meu pobo; pero máis a precisan vostedes que levan tres alcaldes en tres anos e unha recente renuncia dunha concelleira e tamén deputada do seu grupo provincial. Polo tanto, non veña aquí darme a min leccións de política, de honorabilidade, nin de proxección. Iso para empezar. En segundo lugar, dicirlle que non mentimos cando nos poñemos á porta do Rexistro desta Deputación cando temos que meter algún escrito, como temos que facer algunha pregunta para que se nos conteste en pleno; xa que reiteradamente levamos pedindo información a este Goberno que é o campión da transparencia, condecorado por organismos internacionais previo pago para dicir que somos os campións da transparencia cando non somos os campións de nada e ás cifras estatísticas desta provincia me remito. Dicir que teño, que temos manía ao señor Baltar, é un opinión persoal. Manía ningunha, persoalmente ningunha; politicamente, no desleixo que fixo cara a esta institución, si, porque para iso o condenaron os tribunais e ten unha sentenza firme que o inhabilita para cargo público por un período determinado igual que moitos outros alcaldes da súa cor política que pasarei a enumerarlles rapidamente. Dicir que queremos crear unha falsa polémica para facer unha visibilidade desta portavoz, é sinceramente unha opinión subxectiva e persoal do portavoz que seguro que non comparten membros do seu partido. Por certo, dicir que queremos un pleno e que tivemos moitos plenos para traer unha moción deste tipo, si; pero eu voulle a dicir unha cousa. Un pleno extraordinario está regulamentado na Lei de bases de réxime local. E ante a negativa do seu grupo a debater esta moción nas comisións oportunas y ante a negativa do seu grupo de tratala e de incluíla no Pleno do mes de febreiro pasado, vémonos na obriga, como estipula a propia Lei de bases, de pedir un pleno extraordinario para tratar este tema que afecta á honorabilidade, o decoro e a forma de proceder desta institución e para tratar outro tema importante que virá a continuación. Pero mire, señor Plácido, voulle dicir unha cousa; vostedes que presumen tanto de respectar a lei, de respectar a Constitución, de respectar todos os principios básicos e o señor presidente que é vicepresidente e presidente de moitos

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

organismos internacionais por Europa adiante, non sei como non ten en conta o que di o Consello de Europa que aprobou fai dúas décadas, dúas décadas un Código para a integridade política dos representantes electos locais e rexionais, el, que preside algún organismo onde están representados gobernos locais. Este documento establece que as normas de conduta implican imperativos éticos que deben ser respectados e determina que as institucións públicas, como esta Deputación, deben servir ao interese público e non exclusivamente ao interese persoal; sexa directo ou indirecto a interese privado de persoas ou grupos para obter un beneficio persoal directo ou indirecto. Que llo digan ao presidente Baltar, se houbo interese directo ou indirecto do seu pai para que o inhabilitaran mediante sentenza firme para que el fora presidente desta institución. O texto afirma que o respecto polo mandato do electorado está intimamente relacionado co respecto das normas éticas. As normas que, obviamente e manifestamente, non cumpriron as persoas condenadas por sentenza xudicial firme e que logo do pronunciamento xudicial obrigounos a renunciar ao seu cargo público. O Consello de Europa tamén destaca que a sociedade, como un todo, debe participar na restauración dun clima de confianza nas institucións e, polo tanto, é deber dos representantes actuais das corporacións provinciais e locais recuperar activamente a imaxe prexudicada por estas persoas condenadas que teñen honores e distinción de diversa índole e de diversas formas. Mire, nesta institución existe un Regulamento de Honras e Distincións aprobado no ano 1995 e establece expresamente no seu apartado, no seu artigo 3.º que *non se poderán conceder honores ou distincións a quen desempeñe cargo público e respecto dos que se atope a Deputación e relación de interese, función ou servizo mentres subsistan estes motivos*. Pero mire, hai outras normativas e institucións españolas que recollen que se garantirán os recoñecementos honoríficos ou conmemorativos para que recaian só en persoas dun compromiso público importante que en ningún caso foran condenadas por sentenza firme. Mire, a Lei 2/2015, de 2 de abril, de transparencia e bo goberno e participación cidadá da Comunidade Valenciana, que foi aprobada gobernando o PP, esa Comunidade Valenciana, e sendo presidente do Parlamento Valenciano Alberto Fabra, declara, artigo 1, *as persoas incluídas no ámbito de aplicación deste Título rexeranse, no exercicio das súas funcións, coas disposicións da Constitución, do Estatuto de Autonomía da Comunidade Valenciana e, especialmente, no contido básico do Título II da Lei 19/2013; así como no resto do ordenamento xurídico e promoverán o respecto dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas*. Artigo 2, tamén adoptarán a súa

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

actividade aos seguintes principios de actuación, apartado q) *garantir que os recoñecementos honoríficos ou conmemorativos pertencen a persoas con compromiso público relevante que en ningún caso foran condenadas penalmente por sentenza firme*. Isto aprobárono vostedes no Parlamento valenciano. En base a esta Lei, as Cortes Valencianas acordaron retirar un cadro da ex - presidenta da Cámara, Milagrosa Martínez, condenada en firme polo caso da Gürtel, sónalle? As Cortes dese territorio tamén aprobaron en 2015 por unanimidade instar ao Consell a retirar as placas conmemorativas, inaugurais e mencións honoríficas en edificios que dependan da Generalitat Valenciana ou que teñan sido financiados con fondos públicos nas que figuren os nomes de cargos públicos condenados por sentenza xudicial firme. Entre outros exemplos similares doutras administracións desta mesma Comunidade autónoma e por aplicación desta mesma lexislación, tamén se retiraron placas onde aparecían nomes do ex - conseller valenciano Rafael Blasco ou do ex - presidente da Deputación de Castellón, Carlos Fabra, en diferentes institucións públicas, sónalle?. Isto non lle é proxección desta voceira politicamente, estes sonlle datos contrastados. Mire, o Partido Socialista considera que esta Deputación, que xeralmente afirma ser a primeira en moitas cousas, debería asumir o liderado en Galicia na defensa da ética pública e do compromiso coa defensa activa da reputación da política e das institucións. De ningún xeito estamos ante unha festa; senón máis ben ante un desleixo porque non se trata de poñerse medallas neste caso, trátase de quitarllas a quen, co seu proceder e coa súa actitude irregular e ilegal, prexudicaron gravemente e aínda prexudican aos intereses xerais. Nunha democracia, señor Plácido e señor presidente, é inadmisíbel atopar o nome de condenados por delitos de corrupción ou contra as administracións públicas en espazos públicos ou en centros deportivos, culturais, recreativos apoiados desde esta Institución. Presidente, dende o noso grupo consideramos que aquelas persoas condenadas non son exemplo ningún de servidores públicos e, por tanto, non son merecentes de ser recordados cada día estando na memoria colectiva quen xa non é *de facto* modelo de ética nin moral algunha para a vida pública. Os nomes dos que xa foron condenados van ligados a condutas delituosas, por tanto impropias, de quen foi elixido para representar os intereses xerais. Mire, vostede recordaba anteriormente algúns alcaldes que foron condenados. En Nogueira de Ramuín, si, o ex - presidente desta Deputación Provincial, José Luís Baltar, nove anos de inhabilitación por prevaricación continuada por 104 enchufes. Pero tamén en Xinzo de Limia, Isaac Vila, nove anos de inhabilitación especial e pago dunha multa de 3 millóns de pesetas,

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

ex - vicepresidente desta casa, por delito continuado de fraude mentres era vicepresidente desta institución autorizando pagos de mercancías a empresas. Pero tamén Antonio Pérez, oito anos e medio de inhabilitación por prevaricación continuada por enchufar. Tamén o alcalde de Rairiz de Veiga, Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio, oito anos de inhabilitación por contratar obras e traballadores a dedo cando era do BNG, despois foi fichado polo presidente Baltar. Tamén en Vilariño de Conso, Ventura Sierra Vázquez, sete anos de inhabilitación especial para emprego o cargo público por prevaricación en la aprobación de 29 contratos temporais no seu Concello. Pero tamén o alcalde de os Blancos, José Antonio Rodríguez Ferreiro, cinco anos de prisión por apropiarse de 200.000 € públicos do Concello. Pero tamén o alcalde da Merca, Manuel Velo Reinoso, catro meses de inhabilitación e multa de 700 € por un delito de desobediencia por non demoler unha vivenda. Tamén o alcalde de Melón, 8 anos e medio de inhabilitación por autorizar a construción dun polideportivo na área de protección do Mosteiro de Melón, en solo rústico. Tamén o alcalde de Beade. Tamén o alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez, inhabilitado a 5 meses por falsidade documental, despois o PP repescouno. Tamén o alcalde actual de Vilardevós, Manuel Cardoso, condenado por discriminar a un traballador municipal afiliado ao PSOE por motivos ideolóxicos. E veñen en camiño outras dúas máis, veñen algúns máis en camiño. Por certo, dous deles ex -vicepresidentes desta casa. Polo tanto, polo tanto, señor Plácido, cremos que chegou o momento de comprometerse e afondar na defensa das institucións e do que representan segundo a lexislación; de afondar en que as institucións están envoltas en honorabilidade, e quen non as fan honorables son as persoas que resultan condenadas por sentenzas firmes. Polo tanto cremos que a nosa moción é acaída e, sobre todo, cremos que non estamos a falar doutra cousa máis que de servidores públicos honorables. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si, un minuto, moi brevemente. Xa que se falou tanto de ética por parte de todos os portavoces, fundamentalmente ou máis insistentemente polo compañeiro de Democracia Ourensana, eu teño que recordar unha cousa, que todas estas cuestións, todos estes temas, pois o sitio acaído para tratalos, dende o noso punto de vista, sería o Comité de Ética desta Deputación que, teño que lembrar, leva desaparecido dende o ano 2015 no que todos se foron para a casa unánimemente e presentaron a súa dimisión e ata hoxe -practicamente tres anos e medio despois- segue sen constituírse e segue aí nun limbo e non vemos moita intención de que se poida recuperar a súa

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

funcionalidade; porque o Comité de Ética estaría para estas cuestións. Despois, falando tamén de ética, pois miren, a ética é algo que cada un pode estirar e encoller segundo lle conveña. En todo caso, o que si teño que dicir e deixar ben claro é que no BNG aplicamos a ética na súa máxima expresión, aínda que ás veces nos prexudique. Nós pensamos que, ás veces, hai responsables políticos que teñen que responder politicamente pois coa súa dimisión – que é como se responde habitualmente - co seu abandono de todos os cargos que poidan ostentar dende un punto de vista político sen ter que chegar, ao mellor, a unha condena nin a outro tipo de medida imposta dende fóra, dende un tribunal; e iso si é unha aplicación da ética en toda a súa extensión e sen subterfuxios. Nós, en todo caso, como xa dixen na miña primeira intervención, votaremos a favor desta iniciativa máis polo fondo, polo que representa e polo que significa, que pola propia efectividade práctica que vaia ter que, como xa dixen tamén, en todo caso vai a ser limitada porque podería abranguer o que é a propia Deputación e, en todo caso, o de instar aos concellos, loxicamente, cada concello - reiteradamente se dixo aquí - en aplicación da súa autonomía, debería aplicar ou aprobar mocións similares. Nada máis de momento.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas, ola de novo. *Bueno*, parece ser, parece ser que polo visto a moción concibiuse pensando exclusivamente na figura do señor Baltar; entón, repetindo o que dicía na miña primeira intervención, o que se debería facer, ao mellor, era unha moción específica para tratar a retirada de honras a esa persoa. A portavoz do Partido Socialista falou de leis noutras Comunidades Autónomas, ou leis nacionais; efectivamente, o que xa está regulamentado na lei non queda máis remedio que aplicalo. É dicir, o que pasa a formar parte das leis non ten nada que discutir. Se algunhas destas normas éticas pasan a ser lei, xa non hai nada que dicir. Pasou co tema que se vai tratar despois, do pacto anti-transfugismo. Algúns aspectos do pacto anti-transfugismo pasaron a formar parte da lei, aínda que despois o Tribunal Constitucional tirounas abaixo, non?, como todos vostedes saben. *Bueno*, miren, a señora portavoz do PSOE, fíxome reflexionar. Eu puña na miña primeira intervención un exemplo, un caso que podería ser discutible; ela puxo o exemplo dun alcalde que foi condenado por non derrubar unha vivenda particular dunha familia. Efectivamente iso vai contra a lei e efectivamente ten que ser condenado; pero, dende o punto de vista ético, ao mellor non é o mesmo que fora condenado por non derribar unha vivenda unifamiliar, a que fora condenado por evadir bolsas de *cuartos*

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

a Suíza. Sinxelamente o que dicía na miña primeira intervención, que cada caso debería ser estudado particularmente, como por outra parte din os expertos en ética; se é que existen expertos en ética porque, como dixo o portavoz do Bloque, a ética é unha cuestión tan evanescente que é moi difícil de sentar ideas firmes sobre ela. Hai outro aspecto importante tamén a ter en conta, a señora portavoz da moción falaba de que hai uns pactos éticos desde fai décadas. Estamos vivindo nunha sociedade multicultural hoxe en día, non é o mesmo a sociedade española de hoxe que a de hai 30 anos. Agora están convivindo no noso país outras culturas, hai unha grande cantidade de emigrantes e iso vai a afectar á maneira en que vemos a ética, porque a ética está moi relacionada coa cultura das persoas. Entón, se de repente empezamos a ter unha gran cantidade de xente que provén doutras culturas, doutros países, doutras relixións, etc... pois, ao mellor, haberá que revisar todo iso. Sinxelamente, animaría ao Partido Socialista a que fixera unha moción específica para tratar a retirada de honras do señor presidente Baltar que nós en moitas veces, o meu compañeiro en particular, ten falado de que existe unha especie de pecado orixinal no feito de que o actual presidente da Deputación estea aí a consecuencia das actividades polas que foi condenado o seu pai; entón, ese tema si o poderíamos tratar. Ou mesmo, incluso, tratar a creación, como dixen antes, dun regulamento específico para a retirada de honras, con todas as cautelas que iso ten que ter. Sinxelamente recordar, vostedes recorden que cando se condena a un preso (aquí temos ao señor Doval que é un profesional do asunto) non se lle quitan absolutamente todos os dereitos; quítanselle os que se lle quitan que son a liberdade, a votación e todo iso. Entón, tampouco vamos a ser máis papistas aquí que os xuíces. Quero dicir, polo feito que sexan condenados por sentenza firme vénselle restrinxidos os dereitos que se lle ven restrinxidos; pero iso non implica que en cascada teñan que vir que retirada de honras etc, etc... e o resto dos dereitos todos. Cando se falou aquí, o tema que se falou da revisión da pena permanente e todo iso, o portavoz do Partido Socialista, que daquela creo que aínda era o señor Fraga, recordounos que non hai que confundir vinganza con xustiza. Estamos totalmente de acordo con iso. Entón, ás veces tamén, nos parece que estas medidas, digamos así, emocionais, curtopracistas, dan unha especie de *tufillo* a vinganza máis que a xustiza. Entón, nada, nós repetir que nos imos abster, fundamentalmente, por esa *coletilla* que lle engadiron de que estas honras deberían ser retiradas ante calquera condena prevista no Código Penal o que, como xa dixen antes, parécenos demasiado arriscado e que podería traer consecuencias no futuro; como pasa, por

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

exemplo, en Estados Unidos coas famosas *leyes locas*, as *crazy laws*, leis tolas que vostedes poden consultar en internet. Son leis que se ditaron nun momento dado, para arranxar un asunto concreto, pero que despois, a longo prazo, quedaron escritas, perdeuse o espírito e quedou escrita a letra, como saben, e agora chámanse así *leyes locas - crazy laws* en inglés-. Entón, para non caer nesas consecuencias, pois, pensamos que estas cousas non se deberían tomar tan á lixeira e ímonos abster polo que xa dixen. E tamén coincidir co portavoz do Bloque que, efectivamente, se o Comité Ético estaba para algo, era para tratar estas cousas e que non as tiveramos que tratar aquí. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Brevemente porque despois deste maxistral esforzo de recordarnos as normas éticas e similares e falarnos da normativa que existe na Comunidade Valenciana, da Gürtel, etc, etc... eu teño que valorar o seu grande esforzo; todo por non dicir claramente: quiten vostedes un cadro do primeiro andar do Pazo Provincial de José Luís Baltar. Todo se resume niso. Eu creo que, como di o señor Ojea, falemos claro e digámolo claro. Nos outros concellos? Señora Lama, por enésima vez, presentaron vostedes esta moción aos seus grupos socialistas nos Concellos, nos que no seu día, dentro da autonomía municipal e no ámbito das súas competencias – como lle dixen – acordaron algún tipo de recoñecemento á figura de José Luís Baltar? Presentárono vostedes alí? A que vén que o presenten aquí? que tutela quere facer vostede nesta Deputación sobre os concellos desta provincia? Nótase que non foi alcaldesa, eu dubido que o sexa porque vostede presume, quixo presumir – a ver se entendín mal – eu creo que vostede non é moi orgullosa, pero quixen entender que dixo que tiña proxección pública suficiente. Máis ben, insuficiente porque ata agora non lle serviu de moito. Logo di tamén que aquí se lle corta a liberdade. Xa o dixen antes, no pasado pleno o señor presidente contestoulle a máis de 60 preguntas; por certo, quedou vostede en moi mal lugar, non o digo eu, dino os da súa bancada, incluso. Non recordarei eu, non vou a caer tan baixo, non recordarei eu aquí alcaldes nin personaxes do seu partido condenados por sentenza firme ou a punto de; non o farei, vou a ter un pouco máis de categoría que vostede. Ou será que vostede non recordou algúns porque igual como teñen tantas faccións no seu partido, ao mellor é que impórtalle pouco que llo recordara eu; pois non lle vou a dar esa alegría. E dito isto, señora Lama, de novo dígolle, aquí ninguén impide debate algún, ninguén. Sábeno ben, non falen de trabas. Se non fan vostedes - como dixen antes, 8 deputados aínda que agora 7, e 3 asesores no Grupo



<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

pagados por esta Deputación - o seu traballo a tempo, o seu traballo a tempo, non culpen diso á democracia e, por extensión, ao presidente desta Deputación e ao seu grupo de goberno. Hai unhas regras de xogo e uns prazos que cumprir que nos demos todos, señora Lama. Sexan vostedes responsable ou, se non o son, polo menos sexan legais. Resulta sorprendente que se queixen do presidente desta Deputación cando é totalmente permisivo nas intervencións de todos os grupos. Falan vostedes do que queren – ou falamos - e, o tempo, case me vou a atrever, que queremos; nunca nos cortou a palabra, non como noutros sitios e non vamos a dicir onde. Está claro que esta moción só persegue o que persegue, que se retire – como acabo de dicir - un cadro do primeiro andar deste Pazo Provincial. *Menuda* urxencia, señora Lama! *menuda* urxencia! E *menudo* problemón para esta provincia de Ourense! *menudo* problemón! Pero, como dirían no meu pobo, *vivir para ver*. *Menudo* nivel, señora Lama, *menudo* nivel! E diríxome unicamente a vostede, como dixen ao principio da miña intervención, porque me consta que nas bancadas do seu grupo – e non quero facer sangue – hai compañeiros e compañeiras que, para nada, están de acordo con esta ocorrencia, mais ben – perdóeme a expresión - ocorrencia. Sorprende tamén que fale vostede das bondades do Código Ético desta Deputación cando no seu día votaron en contra deste; aí a súa contradición, unha máis. Recórdolles en todo caso, recórdolles en todo caso que o Código Ético publicouse no Boletín Oficial da Provincia do 8 de maio do 2014. José Luís Baltar Pumar deixou de ser presidente voluntariamente, é dicir, cando quixo e como quixo, en xaneiro de 2012, por certo (aí vén a súa obsesión con el, supoño) despois de 22 anos e 6 maiorías absolutas claras e contundentes. Polo tanto, señora Lama, máis clases de Dereito, menos psicodrama. Repasen a Constitución no referente á irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas dos dereitos individuais. Con todos os respectos, unha vez máis, a nosa provincia merece máis nivel e, polo tanto, propostas serias e viables e non – perdóeme a expresión - *caralladiñas* deste tipo. E para rematar, un só exemplo, e digo un só aínda que podía poñer máis, *Besteiro reaparece en el campo de fútbol bautizado con su nombre*, onde se sinte especialmente orgulloso diso. Un exemplo, podería pór máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Non lle gusta falar de retirar o cadro, pero unha das cousas que implica esa memoria, esta moción vai precisamente nesa liña; pero tamén máis, tamén máis porque hai máis apartados que un na proposta de acordo e, entre elas vai, a retirada de placas, mencións, títulos e demais

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

condecoracións a persoeiros condenados por sentenza firme: concelleiros, concelleiras... Fálame vostede da autonomía municipal, faltaría máis; pero me parece que na proposta de acordo da propia moción di: *instar a las Corporaciones Locales de la provincia de Ourense á retirada de calquera símbolo, placa, cadro, busto, estatua, denominación de vía, espazo, lugar, celebración ou evento público*. Dillo ben claro o apartado 3, o que pasa é que vostedes, e eu fun a primeira que dixen que, entre outros, tamén está o presidente Baltar que vostedes teñen sacralizado, pero que para nós, para o Grupo Socialista, non é modelo de ningunha virtude. Di vostede que se retirou dignamente; non, retirouse cando vía que o xuízo, que lle ía saír, ía ser condenatorio porque senón non se retiraría. Fachendean vostedes de que o presidente desta Deputación, o ex - presidente desta Deputación, obtivo moitísimas maiorías absolutas. Xa se ve o ben que lle foi a esta provincia con tantas maiorías absolutas do Partido Popular! Xa se ve como lle está indo agora con este presidente, José Manuel Baltar 2.0, e ese plan marabilloso Ourense 15-19! 15 para quen? Para os que se sentan nesa bancada que son os que obteñen os réditos e as melloras e as subvencións nominativas e todas as prebendas desta casa? 15? E os outros, señor Plácido? Os outros concellos do Partido Popular gobernados por alcaldes aos que lles nega moitas veces o pan e o sal, ou se teñen que conformar con migallas? Onde está a política honorable deste presidente Baltar? Teimamos con un Plan Único, non será sen razón! A vostede, por certo, ben que lle viría; ao meu concello tamén, moito mellor, porque sabe o que? No seu concello reciben un montón de cartos por habitante, sabe canto reciben no meu? 32 €por habitante, temos 9.965; pois vostede 1.400 e pico. Polo tanto, haille unha lixeira diferenza. Gobernar esta institución, señor Plácido, é moito máis que envolverse en códigos éticos, creando comités de ética que despois ao primeiro problema que se presenta nesta institución (e non quero recordar por qué nin contra quen) que afectou directamente ao presidente, ese Comité Ético dimitiu e marchouse para a súa casa. Dende aquelas non se constituíu un novo Comité Ético onde poder levar causas deste tipo; con independencia, como lle digo, da autonomía municipal daqueles Concellos que si, como no meu está cheo de placas de alcaldes que hoxe mesmo están condenados por sentenza firme e que non son modelo de nada, nin son bos xestores como queren facerlle ver a moita parte da súa poboación ou dos seus votantes. Polo tanto, mire, eu non teño que presumir de proxección pública. Dime que non teño a suficiente porque non acadei ningunha alcaldía. Para ter proxección pública, para ser servidor público hai que, non só presumir de ser honrado, tamén hai que selo. Aquí acabo

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

de citarlle a moitas persoas, alcaldes do seu partido, que non foron persoas honorables; non son persoas que podamos seguir o seu exemplo porque están condenados polos tribunais. Polo tanto, eses recoñecementos non merecen estar onde están. E xa lle citei, na Comunidade Valenciana e en outros moitos concellos de toda España estanse facendo accións deste tipo; por certo, para recuperar a honorabilidade das institucións perdida, perdida, porque estamos fartos de ver nos telexornais como nos contan, día si e día tamén, todos os casos de corrupción nos que están envoltos, por certo, a maioría do seu partido en distintas comunidades autónomas. É certo o que digo ou tamén minto? Non minto, verdade? Mire, voulle a dicir unha cousa, o presidente préstase a falar do que quere, cando quere. Invitóuselle ou solicitóuselle a súa presenza en comisións informativas de Transparencia; non asistiu. O presidente non preside ningunha comisión. O presidente non preside a Xunta de Portavoces. O presidente non preside as xuntas de goberno. Polo tanto, señor Plácido, non nos queda outra que traer a un Pleno extraordinario cousas das que vostedes non queren falar e non queren falar porque os avergoñan. No fondo, ben que os avergoña. Polo tanto, xa esperaba a súa negativa a esta moción; como seguramente votarán en contra da que vén a continuación porque non lles gusta falar dos seus problemas. Mire, señor Plácido, di que o presidente vén aquí a contestar a moitas preguntas. E o que non contesta? O que reiteradamente lle pedimos por escrito unha e outra vez e non contesta? Esa é a transparencia da que fan gala nesta casa? Pois mire, os títulos, as honorabilidades, as condecoracións forman parte desta institución e, como tal, penso que ese Regulamento, vostede que me di que nesta lexislatura tivemos máis de 50 plenos para tratar este tema e agora só quedan 2, tamén lle digo unha cousa, nesta casa haille un Regulamento aprobado nos anos 90 que non foi modificado posteriormente, como tamén foron modificados moitos Regulamentos de outros moitos concellos, e incluso deputacións, onde se contemplan, si, as mencións honoríficas e todos os títulos; pero tamén se contempla a súa revogación e por motivos dos que lle estamos a falar nesta moción. Contémplase a revogación e a retirada desas condecoracións. Polo tanto, nós non fixemos moi ben os deberes, temos 8 deputados, 7 mellor dito a día de hoxe, e 3 traballadores; pero vostedes contan con moitos máis deputados e con todos os traballadores desta casa para facer as cousas en tempo e forma e dende o 90 paréceme que xa pasou tempo suficiente. De momento nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 1º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2),

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE CUMPRIMENTO DO DENOMINADO PACTO ANTI-TRANSFUGUISMO NA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández do Grupo Socialista:** grazas presidente. Outro asunto moi bonito. Por parte do presidente da Deputación de Ourense, estanse levando a cabo diversas operacións de captación de alcaldes de diversas formacións políticas para ser candidatos do Partido Popular nas próximas eleccións municipais que, entre outras cousas, tamén decidirán quen será o presidente desta Deputación, que así actuou antes das pasadas eleccións do ano 2015, e resultou logo – como temos denunciado - que se utilizaron fondos públicos desta casa para primar aos captados. Eses comportamentos atentan contra os principios democráticos e os códigos de ética pública como é o pacto anti-transfuguismo, acordado nos principios da democracia e que levou a ir introducindo reformas legais para loitar contra eses comportamentos. Este grupo intentou que o presidente da Deputación dese explicacións por eses comportamentos que danan a esta institución, sen acceder a facelo. Ante estes feitos, señor Plácido e señor presidente, presentamos a seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación acorda que se tomen todas as medidas para o efectivo cumprimento, nesta institución, do denominado pacto anti-transfuguismo e para que non se utilicen os recursos económicos para premiar ou favorecer aos que participen nestas operacións.

De momento nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Ben, estamos diante dunha realidade que vemos eleccións tras eleccións, como candidatos ou

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

alcaldes doutras formacións políticas se pasan, se pasan, dito así coloquialmente, ao Partido Popular. Un elemento común, un denominador común que todos utilizan para xustificar o que a nós nos parece inxustificable, pero *bueno*, para xustificar ese cambio é, reiteradamente, o dicir que se queren pensar nos seus veciños e se queren ter acceso aos recursos desta Deputación é a única solución que teñen, pasarse ao Partido Popular. É un argumento reiterado, repetitivo e que escoitamos nestas grandes fichaxes que soen facer vostedes nas vésperas das eleccións municipais. En todo caso, unha vez denunciado iso, dicir que o acordo en si mesmo non deixa de ser, por desgraza, unha boa declaración de intencións porque estamos falando de que se tomen medidas para o efectivo cumprimento do pacto anti-transfugismo; é dicir, que as medidas xa deberían de existir, xa deberían estar aplicadas, xa deberían estar tomadas e non debería ser necesario pedirlle a ninguén que as aplicara porque deberían ser de obrigado cumprimento e de obrigada aplicación para todos os responsables políticos. E como digo, por desgraza, hai que volver a pedilo porque na práctica non é así. E non é así porque son medidas de difícil concreción e son medidas que, sobre todo volvendo falar de ética, levarían aparelladas medidas de cambios da ética política, da cultura política de todos os gobernantes o cal é complicado, polo menos a curto prazo e sobre todo, tamén, levarían aparellados cambios de fondo na xestión do que son as administracións públicas, neste caso a Deputación. Aquí non quero falar do Plan único, pero o Plan Único, unha das súas virtudes sería precisamente acabar con todos estes cambios, todos estas prácticas que temos dos alcaldes que se teñen que cambiar, como digo, por culpa de que así poidan acceder o non aos recursos da Deputación. Digo que o Plan Único tería un cambio de fondo que propiciaría, precisamente, que isto non fora necesario e por iso que é de difícil aplicación, sobre todo, dende logo, mentres sigan vostedes gobernando esta casa. De momento nada máis. Nós vamos a votar, como non pode ser doutra maneira, a favor.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Este pacto anti-transfuguismo, se non lembro mal, na súa primeira edición foi alá polos anos 90, finais dos 90, e tamén, se non lembro mal, salvo nós, salvo Democracia Ourensana, os partidos que están aquí representados estaban nese pacto: BNG, PSOE e Partido Popular. Tamén sabemos o que pasou despois, tratouse de levar, de converter algúns daqueles acordos en leis. Efectivamente, algúns pasaron a engrosar a Lei de réxime local; algunhas daquelas leis despois foron tombadas polo Tribunal Constitucional, concretamente aquela na que se trataba

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

de obrigar aos concelleiros que se cambiasen de partido a abandonar a acta. O Tribunal Constitucional, como saben, dixo que aquilo non era constitucional que o único que podía, digamos, retirar a acta a un concelleiro era o electorado. Non os vou cansar cos detalles. Hai varias reflexións que se me ocorren. En primeiro lugar, que desde aquela, desde os anos 90 e tamén desde as seguintes edicións do Pacto que creo que foron no 2003 e no 2006 - non me fagan moito caso nas datas - apareceron moitos outros partidos, moitos, e están aparecendo aínda máis, quere dicir que os pactos ligan a quen acorda firmalos, pero os restantes partidos que apareceron despois, tanto a nivel nacional como a nivel local, moitos deles non teñen por que sentirse vinculados nese pacto; salvo naquelas características que se converteran en leis. Entón, iso por un lado. Posiblemente unha revisión dese Pacto que incorporara a eses partidos que foron aparecendo e os que seguirán aparecendo, pois, cambiaría os tipos de acordo etc... Tamén, se non recordo mal, había unha comisión de seguimento, unha comisión de seguimento dese Pacto na que estaba o Ministerio de Administracións Públicas, precisamente. Aí, nesa Comisión de Seguimento, que, volvo a repetir, non sei se segue en funcionamento, segundo os portavoces anteriores este pacto foi quedándose en auga de borralla. Sucesivamente pretendeu activalo Ciudadanos, se non lembro mal, porque precisamente lle estaba afectando o asunto. Pero este Pacto non tivo moito percorrido porque empezouse a incumprir e, o que pasa sempre, se empeza a incumprirse por unha parte, acaba incumpríndose por outra; isto que se chaman os pactos de baixa intensidade, que son asinados de xeito deliberadamente ambiguo para que sexa doado *escaquearse* de cumprilos. Nós ímonos abster porque, xa digo, non estamos, non formamos parte dese Pacto, non estivemos no seu momento, non estivemos en ningún deses pactos, deses acordos. Se estivéramos posiblemente tiveramos feito as nosas achegas e veriámonos vinculados por o que acordásemos; pero non é o caso. O que si que nos gusta, no que si que estamos totalmente de acordo e onde di, na proposta de acordo, *que non se utilicen os recursos económicos desta institución para premiar ou favorecer aos que participen nestas operacións*. É lóxico, pero nós imos máis alá; que non se utilicen os recursos económicos desta institución de ningún xeito que non sexa previsto pola lei á hora de manexar os recursos públicos desta institución. Hai uns criterios para usalos e todo o que salga diso pois non estamos a favor; como o caso particular de que sexan empregados para premiar a quen participa nestas operacións. Xa saben vostedes que nese Código Ético, perdón, nese Pacto Anti – Transfuguismo, unha das cousas nas que acordaron

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

os que o asinaron era que non se viran beneficiados nin eles nin persoas directamente relacionadas, quen tomase ese clase de decisións. Unha das poucas cousas que quedou reflectida nas leis, despois dese pacto, foi a creación do grupo non adscrito do que temos un representante hoxe aquí neste Pleno. De momento nada máis, ímonos abster polas razóns que apuntei.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Sen ánimo de reabrir o debate, señora Lama, repito non vou a caer tan baixo como vostede e non vou a recordar cargos públicos do seu partido condenados por cousas moito máis graves que o que vostede lembrou do señor Velo na Merca. E, señora Lama, non van a ter vostedes moita sorte hoxe porque o Grupo Popular non ten a máis mínima intención de entrar no seu xogo e dígoos porque así vemos esta moción, como un xogo mediático – outro máis - co que pretenden desviar a atención da opinión pública do que verdadeiramente está a acontecer que é a permanente e progresiva descomposición do seu partido. Un dato certo que está aí. Teñan os problemas que teñan, como así o reflicten os medios de comunicación un día si e outro tamén, e que a nós non nos importan (quede claro), vostedes tratan de despistar á sociedade, e mesmo aos seus simpatizantes, botándolle a culpa aos demais. Non sería máis correcto, señora Lama - e xa digo, eu non deu leccións de nada, simplemente humildes consellos, por iso o digo - non sería máis correcto, señora Lama preguntar nos seu propio partido por que se vai a xente? Non cre que sería máis acaído (palabra que tanto lles gusta) que analizaran na súa sede a razón de tanta baixa e non facelo aquí no pleno desta Corporación? Mire vostede, vaia por diante que sempre mantivemos o máximo respecto, e así seguirá sendo, por todos os partidos como organizacións políticas. A diferenza de vostedes, nunca faremos valoracións sobre súa vida orgánica interna, xa o fan vostedes mesmos; fíxese que declaracións, uns breves exemplos. Don Manuel Vázquez, *Pachi Vázquez*, recentemente: *Caballero es responsable de una política de purgas. Las próximas elecciones serán una auténtica carnicería para el Partido Socialista. El PSOE perdió la centralidad política. Política de purga orgánica, primarias de tapadillo. El odio interno – di o señor Vázquez - está destrozando al Partido, existe una purga obsesiva. Las listas socialistas en Orense dependerán de si continúan las purgas y el sectarismo (parece que continuaron). Existe purga y marginación por parte de la dirección provincial del Partido Socialista de Galicia.* O Señor Fraga, que era compañeiro e deixou de selo, *apuesta por un PSOE con libertad de expresión, es del PSOE y no del Partido*

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

*Rafaelista. No tengo ninguna confianza en el secretario provincial, pues no puedo confiar en una persona que falta a la palabra continuamente y que está obsesionado con purgar a quien no piense como él; además de creerse él el Partido, cuando el Partido es algo más. Don Vicente Gómez, que hoxe non nos acompaña, hay dirigentes mediocres incapaces de tener al lado a alguien que sobresalga. Desde que se celebraron las primarias de la ejecutiva provincial, fueron apartando a todos los que no pensaban igual. Es una cuestión de supervivencia política para los dirigentes que se sienten inferiores; por lo tanto intentan apartarlo para que no les haga sombra. Agrupación Socialista de Maceda, e abrevio moito, eh, Xabier Oviedo es un paracaidista. Ana Rodríguez Blanco, creo que ata fai pouco do Partido Socialista, a la incoherencia, falta de respeto a la militancia, imposición, purga y un montón de falsedades esgrimidas con el único objetivo de disolver la Agrupación. Luís Castro, alcalde de Río, e con isto remato, malestar ante el relevo en la portavocía, Lama por Fraga. Tíñamos un portavoz e da noite para a mañá cargámonolo. Agora temos outra que non se nos presentou nin tan sequera. O PSOE non me tratou como alcalde en ningún destes anos. O PSOE non nos fai caso en ningunha das necesidades que o noso pobo reclama. O secretario xeral non me coñece nin a min, nin ao meu pobo. Chegou fai un ano e non achegou ningunha iniciativa nova, ocupou o sillón baleiro e non se preocupou nin de saber onde estabamos os alcaldes do Partido. Na miña opinión, a súa actitude paréceme dun gobernante ditador. E non sigo. Dito isto, dito isto, creo que xa é bastante, ....bueno, hombre, xa lle dixen, señor Gómez Pérez, que nós non somos uns santos, pero vostedes tampouco; que é o que pretende a súa substituta. A súa substituta é o que pretende, demostrar a súa santidad dela e de non sei quen máis. En todo caso, nós non exercemos dese xeito. Cando se vai un membro do noso partido, só escoitarán dicir que eles terán as súas razóns, máximo respecto á súa decisión, grazas polos seus servizos e mesmo sorte alá onde vaian. Vostedes non, un magnífico alcalde para vostedes que decide sumarse a outro proxecto pasa, desde a primeira hora da mañá ao mediodía, a ser cualificado despectivamente como *panadeiro*, iso está aí (por favor, non se poñan nerviosos, asuman a realidade e sexan respectuosos como facemos os de aquí, os de esta banda). Provócalles estupor e sorpresa que unha alcaldesa, coa que xa non contan para nada, decida ir con nós para ofrecer un proxecto político para os seus veciños. Pregunto, teñen vostedes algo que dicir de *independientes* que asumen o programa do Partido Popular en concellos onde nin tan sequera foron quen de facer lista no ano 2015? Pregunto. Señora Lama, onde está o*



**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

respecto á decisión dos demais cando vostedes mesmos cualifican de anécdota de Entroido (como dixo o seu secretario xeral dos socialistas galegos) a fuga e baixa de militantes seus cara ao novo partido? Onde está a autocrítica cando o seu secretario provincial eleva a categoría de paranoia a escisión no seu partido, botándolle a culpa a un pretendido, ou suposto, pacto secreto co Partido Popular? Ademais, isto non é novo, señora Lama, é que xa tiveron vostedes tres portavoces nesta mesma institución ao longo deste mandato e, polo que se ve, non foron cambios precisamente cariñosos aínda que agora vexo que, aquilo que se di, onde houbo lume sempre queda brasa. Vexo que algún cariño vaise aproximando novamente. E agora veñen vostedes a falar do divino e do humano, centrando a polémica en nós, no Partido Popular, e como non nos Baltar. Pero que obsesión cos Baltar! Señora Lama, permítame un consello, non unha lección - xa lle dixen, consello humilde - céntrese, ou máis ben mantéñase á esquerda; vostede e tamén o seu grupo e o seu partido. Se hai persoas que deciden vir cara nós, xa lle dixen ao tratar a primeira moción, nós se temos proxecto político; é máis, o noso presidente xa está adiantando as grandes liñas do próximo mandato 7273. De vostedes non coñecemos nin o anterior nin o que vai vir. Vostedes non. Para vostedes, para vostedes sorprendentemente os problemas desta provincia resúmense nestas dúas mocións do día de hoxe: un cadro de José Luís Baltar Pumar no primeiro andar deste Pazo Provincial e o abandono continuo de cargos do seu partido cara a outras opcións políticas. Permítame que lle diga, señora Lama, que por este camiño non van a conseguir vostedes nunca a confianza maioritaria dos ourensáns que queren, repítolles, un proxecto fiable e coñecido e non vivir constantemente no pasado e gobernados por un partido eternamente fracturado. Quixera dicirlle tamén, señora Lama, que existe a liberdade do individuo - ao mellor vostede non se dá conta, non a coñece ou non se practica no seu partido - a liberdade do individuo para militar en calquera partido político ou non militar. O contrario é unha ditadura onde a palabra purga, tan utilizada estas últimas semanas por ex - compañeiros seus que precisamente vostede idolatraba nalgún caso e non fai moito tempo, forma parte, parece ser, da praxe política de varios dirixentes do seu partido. Nunha ditadura o ambiente claro que é irrespirable democraticamente e así, irrespirable democraticamente, é como definiu a situación no seu partido o que fora máximo dirixente tanto a nivel provincial como autonómico. Sigo preguntando, señora Lama, onde houbo cambio de goberno nesta provincia, u-lo transfuguismo? En ningún se produciu ese cambio de goberno, iso é o que significa

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

transfuguismo. Entenderá que, a 80 días dunhas eleccións, as persoas son libres de optar pola militancia política que xulguen libremente. Liberdade, señora Lama, non só predicala; senón exercela. E afondando un pouco máis - por certo van ter que intervir o señor Pérez e vostede tamén, os dous - digo que afondando un pouco máis (por min non hai inconveniente, se o permite o presidente), que entende vostede por transfuguismo? Pois a nivel nacional, é transfuguismo votar un orzamentos a favor e investir presidente ao contrario deses orzamentos en días? Seguramente que ten vostede a súa opinión. A nivel autonómico, foi transfuguismo, lembra vostede, a única moción de censura que fixo presidente ao señor González Laxe, foi transfuguismo? Como chegou á alcaldía un dos seus asesores nesta Deputación? (por certo, do Partido Socialista) Como chegou a alcalde do Ribeiro, do Ribeiro non, como chegou a alcalde outra persoa do Ribeiro, da comarca do Ribeiro, que se fixo independente para non ser expulsado e logo volveu á militancia? Primeiro utilizou a unha tráfuga, iso si, e logo recuperou a ética das que vostedes falan; esa ética socialista na que vostedes, supoño, cren. Estes son feitos, señora Lama, e non fraseciñas feitas que nada teñen que ver cos intereses desta provincia e que o único que perseguen, repito, é despistar á opinión pública para que non se fale dos seus continuos problemas internos. Debo estar dicindo algo importante, que a xente ponse nerviosa. Din alá pola Baixa Limia, na miña comarca, a que agora a vostede tanto lle preocupa e que tantos datos sabe do meu concello – alégrome porque así axúdanos a promocionalo, eu felicítola, siga por ese camiño - digo que na Baixa Limia, alá no meu pobo, dise *o que non é capaz de arreglar a súa casa, malamente pode arreglar a dos demais*. Estou seguro que, ante todo isto, os cidadáns en próximas datas terano en consideración. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Isto é o que vulgarmente se di como: *ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio*. Mire, con todos os respectos, as cuestións internas dos partidos políticos resólvense no seo dos partidos políticos. Toda esa xente que me acaba de citar con titulares falando de purgas e falando... mire, esta deputada que lle fala é voceira nestes momentos, é voceira conforme ao regulamento e ao estatuto de funcionamento po partido provincial; avalada coa practicamente totalidade dos votos, excepto un, dos compoñentes da Comisión Executiva provincial. Cando se produciu o anterior relevo ao meu, ao mellor non houbo o respaldo dunha Comisión Executiva. Iso só así, para que lle quede claro. Do funcionamento interno do meu partido non

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

Ile vou a dar máis datos porque, entre outras cousas, nin lle interesa nin é motivo deste debate. Centrada á esquerda, por suposto, e sabe o que lle digo, señor Plácido, non como outros que abandonan o partido e non abandonan os cargos. Cando me marche do Partido Socialista manchareime con todos os honores para a miña casa, con todos!, e cunha folla de servizo intachable; cousa que outros non poderán dicir. Mire, voulle dicir unha cousa, a democracia española foi unha das maiores conquistas colectivas da sociedade do noso país. A Constitución Española do 78 é a norma suprema que lle garante aos cidadáns que os principios democráticos e a xustiza imperan neste país. Pero a democracia non é eterna, constrúese cada día en cada territorio, en cada concello e en cada provincia e as persoas que representan aos cidadáns son servidores públicos para a defensa do ben común, algo que moitos non entenden. A democracia ten na corrupción unha das maiores ameazas. Cando representantes públicos ou as administracións sofren a mancha da corrupción, está en perigo a existencia da democracia e a credibilidade no sistema de convivencia. Prácticas habituais da corrupción son saltarse as normas para saltarse un sistema de contratación de obras ou servizos para favorecer aos achegados a cambio de dádivas. Corrupción é utilizar os recursos de todos para que a información favoreza ao que está no poder, deformar o que sucede nas institucións, tapar as críticas ao poder ou simplemente se utiliza para a difusión e o *enaltecimento* do propio ego persoal. Todas as formas de corrupción que citamos danse e favorécense dende esta Deputación de Ourense, todas. Desde os tempos en que o principal obxecto desta institución deixou de ser axudar aos concellos máis pequenos a prestar os servizos en termos de igualdade (sóalle, iso de igualdade?) a todos os cidadáns independentemente de onde vivan; dende que esta institución pasou a ser unha maquinaria para manter no poder, non xa a un partido que foi cambiando de nome, pero non de apelido. É unha das formas máis antidemocráticas de corrupción, señor Plácido e señor presidente, é o transfuguismo porque é el quen o practica como presidente do Partido Popular. Captar tráfugas supón que un cargo público elixido por uns cidadáns no acto máis sagrado da democracia, que son as eleccións, se compra como quen ficha un xogador de fútbol ou se merca unha finca. Cómprase a unha persoa, perdón para o xénero humano, que traizoando os ideais e os principios quebranta tamén a confianza duns electores que confiaron nela para xestionar unha institución baixo uns ideais e uns principios que non lle importa vender ao mellor postor. Señor Plácido, un tráfuga é aquel que traizoa aos que confiaron nel ou nela para traballar para as ideas contrarias, para as que defenden

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

intereses contrarios. Segundo a RAE, un tráfuga é a persoa *que con un cargo público no abandona este al separarse del partido que lo presentó como candidato*. Resultado das andanzas de persoas que andaron saltando de partido en partido nos anos 90, os partidos acordaron crear un órgano de vixilancia moral chamado *Acuerdo sobre un código de conducta política en relación con el transfuguismo*, asinado o día 7 de xuño de 1998, renovado en sucesivas ocasións. Trouxo reformas legislativas que pretenden dificultar e mesmo perseguir aos que practican transfuguismo. Este código castiga os tráfugas e os que o fomentan e se benefician destas prácticas. Nas pasadas semanas, o presidente desta institución e tamén presidente do seu partido está levando a cabo diversas operacións de transfuguismo. Primeiro foi en Pobra de Trives, captando a un alcalde dunha candidatura independente para facelo candidato do Partido Popular para as próximas eleccións sen renunciar ao cargo. Nada que dicir dos que renuncian e logo marchan para outras siglas; pero si dos que se aferran ao cargo e aparecen na foto co presidente dicindo que van a ser os vindeiros cabezas de lista do Partido Popular. Houbo quizás un plan específico para facer esta fichaxe? Pode dicir o presidente, nesta sala, cal foi a promesa? Parece que ao presidente lle preocupa como non poida quedar como único deputado da circunscrición por ese partido, que poda decidir a Presidencia desta institución; é dicir, o cargo de presidente que, en definitiva, é o que lle importa. Que vostedes estean sentados aí, importarlle máis ou menos, segundo o traballo que lle fagan, pero o cargo del é o que lle importa; para iso anda a captar alcaldes noutras formacións políticas. Pouco despois, pouco despois, o presidente da Deputación, e por tanto do PP, anunciou a fichaxe de Luís Castro Álvarez, alcalde de San Xoán de Río ao que vostede citou, que fora elixido polo PSdeG-PSOE e que traizoou á confianza dos seus electores para pasarse ao partido que nas pasadas eleccións recuperou a Alcaldía derrotando ao PP e logrando maioría para os socialistas no concello, que xa gobernamos durante varios mandatos. O tráfuga véndese sen deixar o cargo a disposición do partido para o que foi elixido e o seguinte da lista ten maioría absoluta. O respecto do PP polo partido máis votado xa se ve nestas operacións. Vostedes que tanto predicaban antes, cando lles conviña, que o partido máis votado é aquel que ten que gobernar nas institucións, porque aqueles outros pactos eran pactos contra natura, e mesmo dubida dunha lexitima moción de censura presentada no Congreso dos Deputados, mesmo dubidan e insultan a quen é hoxe presidente do Goberno; eses mesmos que agora se deitan coa ultra dereita en Andalucía para arrebatarlle o poder ao partido máis votado que, non

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

foron vostedes, foi o Partido Socialista. Polo tanto, *remedios doy y para mí no tengo*. A pasada semana, o señor presidente José Manuel Baltar, presenta como fichaxe, como candidata do PP á actual alcaldesa de Parada de Sil, que pretende manterse no cargo para combater aos seus propios compañeiros e utilizar o cargo para favorecer as propostas e darlle o poder ao partido que foi derrotado nese concello amplamente nas pasadas eleccións e romper así un goberno socialista de varios mandatos que, co tempo, se verá a cambio de que. Os que queiran irse do Partido Socialista regalámosllos todos, envoltos e empaquetadiños tamén; pero esixímoslles a eles e ao comprador que devolvan os cargos para os que foron elixidos polos seus votantes socialistas para defender as ideas socialistas. E esiximos ao que compra que non premie con recursos públicos aos que se venden, aos que venden a súa pel ao demo con tal de obter máis cartos para o seu concello. Por iso, precisamente, demandamos un Plan Único para que non andemos nestas trasfegas de viño que parece que andamos e non é tempo de trasfegar o viño. De momento, nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas de novo. *Bueno*, eu soamente recordarlle que ese pacto anti-transfuguismo foi asinado por uns partidos no seu momento; nós concretamente non estábamos. Desde o momento en que se firmaron eses pactos e as sucesivas edicións que tiveron apareceron moitos outros partidos que, a ver se no futuro, ao mellor se concibe un novo pacto destas características do que entren a formar parte os novos partidos. Pero en todo caso, se vostedes tres –refírome aos tres partidos que están aquí presentes: BNG, PP e Partido Socialista- firmaron ese pacto, como de feito o firmaron, cumpранo, cumpранo. Nós aí nin entramos, nin saímos; é de sentido común, nós instámoslles a que cumpran os *pactos de caballeros*, por dicir dalgunha maneira. Do resto, aquí o único que é obrigatorio cumprir, digamos en termos de interese público, etc, etc... porque non deixan de ser case conflitos, así, privados como quen di; son as leis, non? Eu ínstolles a que cumpran o Pacto, porque para iso o firmaron. Tamén lembrarlle á señora portavoz do Partido Socialista, ela deu a definición da Real Academia Española de tráfuga; pero que nese Pacto, no texto dese Pacto, que me imaxino que leu, define con moita máis precisión o que é tráfuga e o que non o é. O texto do Pacto non usa a acepción da RAE; senón que a define con moita máis precisión, como pasa habitualmente en moitas disciplinas nas que as palabras deixan de ter a súa acepción xeral e pasan a ter un significado máis restritivo. Tamén lembrarlle que o Tribunal Constitucional decidiu que a acta era, non do

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

partido, senón do elixido. Sinxelamente lembrar todo iso. Tamén lembrarilles a eses tres partidos, a vostedes, que teñen suficiente -desde logo, moitísima máis ca nós- capacidade de decisión nas Cortes españolas como para converter iso en leis. Todas esas cousas que se están defendendo, convértanas en leis para que sexan de obrigado cumprimento e non pactos. Fixeron aquí un repaso bastante...quedaron bastantes no tinteiro porque mira que lembraron casos de transfuguismo, algúns recentes, outros máis afastados. Na moción anterior, a señora portavoz do PSOE falou de persoas condenadas do Partido Popular, pero algúns estiveron antes no Partido Socialista. *Bueno*, como dicía antes, miren *arréglense* entre vostedes, cumbran os pactos que firman convértanos en leis vostedes que teñen poder para facelo, nós dende logo non, e, efectivamente, dende a nosa posición, digamos, un pouco intermedia que non nos vemos afectados de xeito directo por ese pacto, posto que non o firmamos, si que vemos que cada un ve a Viga, como é?, a palla no ollo alleo, pero por ambos os lados. Nada máis, grazas. Nós abstémonos e sinxelamente recordar que estamos totalmente de acordo tamén en que os recursos da Deputación non se deberían utilizar para premiar esa clase de condutas, como non se deberían utilizar en nada que non sexa a maneira de gastalos que está prevista pola lei, claro. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Se ben a señora Lama xa ditou sentenza, somos todos corruptos. O guión hai que seguilo, pero *bueno*, simplemente paciencia. Mire vostede, a min nin non ten que darme, nin ao meu grupo lle ten que dar explicacións do seu réxime interno, nin llas pedín nin nos interesan, non sei porque vostede se dignou a dárnolas, alá vostede, que se arranxen na súa casa, nós temos bastante coa nosa. Que a súa folla de servizo será intachable cando se marche; home, sexa vostede máis humilde e que o digan os cidadáns, non o diga vostede; ademais de que xa o di *antes de*. Xa o dirán os cidadáns, como no meu caso e como no de todos. Mire vostede, iso de non gobernar a lista máis votada recorde que quen o rompeu, era precisamente un pacto non escrito e rompérono vostedes; entón, que nos quedaba a nós? Ir de parvos ou facer o mesmo? Mire, marcháronse alcaldes, é certo, marcháronse alcaldes do Grupo Socialista; pero marcháronse bastantes concelleiros onde non gobernan. Non sei por qué sería tamén, ao mellor é que nolo explica vostede. E dito iso, señora Lama, no seu partido con tantos movementos (ese é o problema), con tantos movementos e cambios de lealdades xa non se sabe con quen conta cada un. Hoxe moi amigo, mañá inimigo, pasado *amigo del alma* e incluso con ese trato despectivo

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

que vostede lle brindou, fai un ratiño só, aos seus ex - compañeiros. Eu sempre os tratarei e os meus compañeiros de ex - compañeiros, *sin más* e, no exercicio da súa liberdade, sorte alá onde vaian, como lle dixen antes. Na Deputación vostedes foron incapaces, neste tempo, de facer visible un proxecto alternativo ao goberno do Partido Popular; ese é un feito que está aí. Cada grupo da oposición foi polo seu lado, non coincidiron vostedes – os tres grupos - no 75% das votacións, por algo sería. Acaba de irse Manuel Vázquez, *Pachi Vázquez*, para formar un partido novo porque o ambiente do PSOE, como dixen antes, é irrespirable e veñen vostedes con este discurso?. Supoño que sabe que ao primeiro, a quen me referín foi ao primeiro secretario xeral da historia do Partido Socialista de Galicia que se vai do partido; e por certo tamén foi portavoz do grupo nesta Deputación provincial. Volvo a repetirlle o de liberdade, señora Lama. Sei que non lles parece ben que o alcalde de Trives, ao que aquí xa se citou, encabece a candidatura do PP nas eleccións de maio, preferirían que encabezara a do Partido Socialista; pero a liberdade fixo que escollera ao Partido Popular, que estamos falando dun independente dato que deberían ter en conta. Tamén lles proeu bastante que o alcalde de Río encabece a candidatura do PP nas eleccións de maio, sabe que na candidatura do ano socialista do ano 15 ía de independente? Supoño que si, nunca militou no Partido Socialista. Se a alcaldesa de Parada do Sil deixa o PSOE; vostede terán que explicar por qué, como non sei cantos concelleiros do Carballiño, de Piñor, de Cea e creo, polo que me soltan, que máis nun futuro próximo. E se encabeza a lista do PP esta señora, estamos ante unha decisión que se marca na súa liberdade, *sin más*. Non sei se nos próximos días haberá máis decisións libres semellantes a estas que tampouco lles gustarán; pero deberían facer algo por parar esta sangría. Vostedes, señora Lama, e non precisamente nós. En todo caso atévome a dicirlle que o contido do seu traballo político - exemplo claro disto estas días mocións do día de hoxe, grandes problemas desta provincia - non creo que sexa o máis axeitado porque estamos, ou entendemos que vimos á política a traballar pola veciñanza e polo territorio; non a buscar titulares absurdos con iniciativas tan estériles e de tan pouco nivel como as que hoxe nos traen aquí o mércores de cinza, cansadiños, supoño vostede tamén, de largos días de entroido. Por certo, felicidades polo entroido do seu pobo. Non sei se se dá conta, señora Lama, que a súa perspicacia política, a dirección manifestamente mellorable coa que contan a nivel provincial, e isto non o digo eu, respecto máximo á organización interna do seu partido, dino, dino compañeiros seus algúns sentados a poucos metros, provoca que nestas mocións se fala dun

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

nulo traballo en positivo que está amosando o revanchismo dramático no que está sumido a súa organización. Vostedes, empezando pola señora Lama, lémbreme a Confucio xa que se citaron aquí eu tamén vou citar, *cando o sabio sinala á lúa, o necio mira o dedo*. Tamén ás palabras de Jesús, de Jesús, no Evanxeo segundo san Lucas, xa se dixo aquí eu repito, *¿por qué miras la paja que hay en el ojo ajeno y no miras la viga que está en el tuyo?* Señora Lama, o problema non é que se vaian ao PP ou a Espazo Común, ou a outras opcións política, ou non sei a onde; o problema é por qué se van. Ese é o seu problema, o de vostedes, non o noso. O Partido Socialista de Galicia en Ourense, señora Lama, está en franca descomposición, é unha evidencia, recoñezao, e iso – e dígoo con toda a sinceridade do mundo - tampouco é bo para esta provincia. Mire, nas xerais do ano 15, o PP foi a forza máis votada en 84 dos 92 municipios. Nas xerais de 2016 o PP foi a forza máis votada en 87 dos 92 municipios. Nas autonómicas de 2016 o PP obtivo 9 dos 14 escanos da provincia, *record* histórico, e vostedes o peor resultado do PSOE na provincia de Ourense dende que existen como partido. Esa é a realidade. Vostedes din que somos moi malos, xa llo teño dito máis veces, os cidadáns desta provincia serán todos tontos, menos vostedes e os que lles votan. Eu creo que non é así. Polo tanto, non hai transfuguismo, hai liberdade. Non hai recursos económicos dirixidos a captar a ninguén, iso é rotundamente falso (señor Gómez Pérez, sexa respectuoso, home, que eu funo con vostede sempre, home! serénese, sexa respectuoso, serénese, véxoo moi nervioso) por esa regra de tres o alcalde socialista de Verín, que foi deputado provincial por Alianza Popular, non o esquezan, agora convenlle a vostedes? Axudas ao Concello de Parado do Sil, ningunha, ningunha; salvo que me digan vostedes outra cousa, nos orzamentos ningunha. Cren entón que vai polo PP polas axudas que recibiu? Fastídialles que o alcalde de Cortegada, que o foi nunha lista socialista na que ía de independente, sexa hoxe alcalde dun concello termal por excelencia razón pola que conta coa cooperación desta institución? Máis datos, é tráfuga a fichaxe que fixeron vostedes en Maceda, que ven por Compromiso por Maceda e antes no BNG? A iso como lle chaman vostedes? Nós, humildemente, chamámoslle liberdade e respectámolo. E xa que tanto se preocupa pola Baixa Limia, máis ben por Muíños e polos fondos que leva este concello - por certo que xestiona o alcalde e o seu grupo de goberno, a ninguén nos regalan nada, supoño que a vostede tampouco - que opina vostede do actual portavoz do Grupo Socialista en Muíños e parece que novamente candidato cando non hai moito tempo foi militante de Alianza Popular, logo do



<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

Partido Popular e tenente alcalde con quen lles fala, e aínda hoxe, e aínda hoxe militante do Partido Popular? Valóreo vostede. E que lle parece esta noticia? Un exempliño como antes, mire, señora Lama, faga o favor, voulle ler: *una concejala del PP hace alcalde de Oourol al concejal del Partido Socialista, José Luis Pajón. PP y Compromiso por Galicia habían llegado a un acuerdo para que José Ramón Vázquez fuera alcalde, pero la edila Begoña Moreiras no estaba de acuerdo con ese pacto. Resumen, el socialista José Luis Pajón fue investido alcalde de Oourol con el voto favorable de la concejala popular.* Dígoo porque vostedes teñen un discurso alá onde lle convén e alá onde non lle convén outro. Remato xa, benquerida voceira do Partido Socialista, xa que estamos en carnaval, permítame que lle recomende, e volvo humildemente a facelo, máis respecto a esta institución – parece que lle ten pouco - máis traballo en positivo, máis iniciativas de nivel, menos *pamplinadas*, perdóeme a palabra, pero así hai que clasificalas como esta; ou o que é o mesmo, menos samba e máis traballar. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández do Grupo Socialista:** empezarei polo final. Señor Plácido non fai falta que nos veña a contar aquí os que foron do Partido Popular e se pasaron ao Partido Socialista, ou ao revés. Non lle quero recordar a porcallada que se produciu en Porqueira alá polo ano 2003, cando unha candidata á alcaldía polo Partido Socialista, e previo pacto entre o Partido Socialista e o BNG, votouse a si mesma pero cos votos do seu partido; hoxe nas filas do Partido Popular. Polo tanto, non estamos a falar deses casos. Estamos a falar doutros casos. Estamos a falar de ética e decencia, cousa das que vostedes non queren nin oír falar porque non lles interesa. Non lles dan os números, cando ven perigar esa Presidencia non se paran en barras e fichan ao alcalde que sexa no territorio que sexa onde está en xogo un deputado para esta Corporación. Esa é a realidade palmaria da que estamos a falar. Mire, o comportamento do señor presidente do Partido Popular e tamén presidente da institución non é leal, non é leal coa democracia, é un comportamento corrupto e dígolle por qué. Nas pasadas eleccións fíxoo noutros lugares. Onde non gaña, onde o seu partido non gaña e é derrotado, utiliza o cargo desta Deputación para premiar, para que aqueles alcaldes se abracen a el, se *arrofillen* ante el e como se fora un vicerrei que lle prometa asignacións, subvencións e determinas prebendas na próxima lexislatura. É así Plácido! É así! Mira, así sucedeu no anterior mandato, na lexislatura 2011-2015, coas fichaxes precisamente que o señor Plácido acaba de dicir, como o alcalde tráfuga de Cortegada e o deputado deste Grupo Socialista;

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

feito que se agradeceu en forma de novo campo de fútbol e outros premios en forma de subvencións nominativas que superan o millón e medio de euros dos que, aínda encima, fan ostentación. Millón e medio que me gustaría a min que levara o Concello de Xinzo, por exemplo. Pero tamén sucedeu noutros lugares, sucedeu na Bola, sucedeu nos Blancos, sucedeu en Rairiz de Veiga, en Gomesende, en Carballeda de Valdeorras, en Melón, en Vilariño de Conso. Quere que sega? Tamén se utiliza o transfuguismo para obter a maioría e as alcaldías que non se obteñen nas urnas; ás veces con éxito e outras veces frustradas. Así, señor Plácido e señor presidente, podemos facer un mapa do transfuguismo da provincia onde son diversos os que se venden; pero, que curioso, que curioso Plácido! Sempre é o mesmo o que compra que, nos últimos anos, leva o apelido Baltar. Esa é a outra realidade palmaria. Ese é o seu gran proxecto político, é o gran proxecto político do Partido Popular. Non, é o gran proxecto persoal da familia Baltar e dese presidente que está aí sentado. Ese é o proxecto político. Mellorou moitísimo esta provincia nos últimos trinta anos. Aí están os datos para contrastalos. Aí están os datos de avellentamento, aí están os datos de cotizantes á seguridade social, aí están os datos de emigración, aí están os datos de xeración de emprego para os máis novos. Aí están escolas que se pechan no rural. Aí están os pobos *vacíos* e agora vén este presidente a falarnos de reto demográfico? O reto demográfico había que collelo polos cornos xa fai máis de dez anos e pórllle remedio porque de nada vale falar de reto demográfico cando temos unha provincia que se baleira día a día. Por iso e moito máis fácil conquistar as alcaldías e por iso lle é moito máis fácil ao presidente do Partido Popular fichar alcaldes que van noutras listas para que se abracen a súas siglas e concorrer ás eleccións baixo o paraugas do Partido Popular. Nada que dicir, nada que obxectar, sempre e cando esas persoas renunciem ao seu cargo e nas vindeiras eleccións vaian con quen lle dea a gana. Por certo, falando de xente que se vai dos partidos, miren vostedes para a súa casa. A ver cantos lle faltan e se van para Ciudadanos ou se van para Vox; porque, de momento, todos estaban debaixo do paraugas do Partido Popular. Pero dende hai un tempo a esta parte xa hai unha tricefalia en moitos lugares; ao mellor aquí non tardará tampouco en chegar. Mire, voulle a dicir unha cousa. Atrévase incluso a desestabilizar o mercado dos deputados desta Deputación premiando e favorecendo cambios de chaquetas, á parte dos recentes episodios de deputados que cambian de siglas e que se amarran ao cargo. Non falo en ton despectivo de ningún ex - compañeiro, o que pasa é que esta portavoz, esta portavoz é un pouco... agora que pasa, señor presidente? eles poden dicir o

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019**

que queiran? Señor presidente e señores do Partido Popular o que lle molesta, o que en realidade lles molesta é que sexa unha voceira muller a que lles saque as cores. Mentres que viviron dous anos moi ben cun portavoz da oposición que non os metía en cintura, si, esa é a barbaridade que non queren oír porque xa só quedan dous plenos, si, esa é a barbaridade que non queren oír. Miren, Baltar foi célebre coa fichaxe que ía facer historia nesta institución, quere que lle repase a memoria? Chamábase Eladio Fernández, que acabou como acaban todos os tráfugas tirado, recorrendo a sopa boba en moitas siglas, eh!, a gran fichaxe. Outros nomes tamén poderíamos citar de xente que pasou por esta casa e eran grandes fichaxes estrela dos presidentes desta institución. Pero o que queremos destacar é, sobre todo, o anti - ético de quen lanza estas operacións mercantís; porque no fondo son operacións mercantís. O presidente do PP e da Deputación Provincial utiliza o seu cargo, e por ende as prerrogativas que lle dá o mesmo, para comprometer investimentos desta casa ou para prometer investimentos doutras institucións; aderezando, iso si, con algunhas promesas de colocación e outros favores co ánimo de manterse na Presidencia da Institución. Non se pode consentir por máis tempo, señores do Partido Popular, este modo de proceder; por iso traemos a colación esta moción e por iso se celebra este pleno extraordinario. A lo menos nós, e esta voceira, vaino a denunciar ata a saciedade – gústelle ou non – este mercadeo nas vésperas das eleccións municipais que desprestixia a esta institución aínda máis do que xa está. Mire, para completar os infantís xogos deste presidente en conseguir moitas alcaldías e así manter o número de deputados porque, en definitiva, é do que se trata, obteño máis alcaldías polo tanto non periga o deputado, porque o número de deputados é o que o fai a el presidente; desgasta a credibilidade da democracia estas prácticas, desgasta a credibilidade desta institución e desgasta, sobre todo, a confianza dos electores nos servidores públicos, si; e despois métenos a todos no mesmo saco. A Constitución non só se defende dende as bandeiras e dende outros símbolos, tamén se defende nos principios da democracia na preservación do xogo limpo, das eleccións libes, da loita contra a corrupción, de favorecer a limpeza nos contratos, no reparto xusto dos fondos públicos sen discriminar aos concellos por razóns de siglas políticas. Iso, presidente Baltar, iso é facer política con maiúsculas; non facerse fotos e presidir ou vicepresidir entidades polo mundo para encher o seu ego persoal. Pensamos que a súa actuación non está á altura das circunstancias, que perverte vostede a saúde democrática nesta provincia, que destroza o pouco prestixio que lle queda a esta institución provincial, que non é

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

unha propiedade do señor Baltar, non é unha propiedade da familia Baltar, é unha institución provincial de todos os ourensáns. Mire, esta institución debe velar porque se cumpra a letra e o espírito tamén do pacto anti-transfuguisimo, xa vexo que ao señor Plácido non lle interesa o máis mínimo, por iso consideramos que este Pleno debe tomar un acordo e é que se cumpran todas as medidas necesarias para aplicar aquí o Pacto contra o transfuguisimo, medidas que favorezan os códigos éticos, que se impida a utilización dos recursos económicos e demais recursos para favorecer ou premiar a quen participan nestas operacións. Que ninguén quite vantaxe destas prácticas e que a competencia electoral sexa, sobre todo, sa e limpa. Este é o transfondo e non *y tú más*, non *¿y cuantos se van de tu partido?* E do seu poderíamos estar aquí toda a mañá pero non me interesa, señor Plácido; non me interesa, señor Baltar. Interesa falar de decencia. Interesa falar de liberdade. Diso é do que interesa e non de cidadáns que sexan *cautivos*, *cautivos* das súas prebendas, *cautivos* das súas promesas e *cautivos*, sobre todos, en esperar un futuro mellor; futuro que vostedes non lles van a dar nunca. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** moitas grazas señor presidente. A verdade é que non tiña pensado intervir neste Pleno, pero quero facer varias matizacións; non só para xustificar o meu voto, senón porque fun aludido varias veces, algunhas polo nome e outros sen nomearme, pero perfectamente entendibles que se referían a min. Voume feliz e voume contento deste pleno porque por fin os vexo a vostedes metidos en cintura; esa é unha alegría que me levo. O que eu durante dous anos non fun capaz de conseguir, hoxe véxoo aquí. Sobre o pleno, nada que opinar, o de sempre; é dicir, o xa visto. Eu, a verdade, é que se tivera capacidade, que non a teño, para pedir un pleno extraordinario, e agora que se rematan estes catro anos de mandato, o que pediría eu sería – xa digo, se tivera capacidade - un pleno extraordinario para avaliar o Plan de mandato que presentou o presidente ao inicio deste mandato. Eu creo que, a final de mandato, é o que toca ver as medidas que se puxeron no Plan, ver o grao de cumprimento e ver as esixencias que temos que facer; o resto, eu é o que levo visto toda a vida. O mesmo de sempre. Pero hai outra cousa, dúas, que quero dicir. Unha antes de nada porque o persoal e o cortés non quita o valente, eu quero deixar constancia do meu aprecio persoal e da miña consideración cara ao alcalde de San Xoán de Río, Luís Castro, e cara á alcaldesa de Parada de Sil, Yolanda Jácome. Xa digo, eu lévome ben con eles, teño aprecio persoal e eu entendo, polo que me pasa a min, que non

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 6 de marzo de 2019</b>
---

son decisións nin situacións fáciles polas que están pasando. Xa digo, e o persoal queda ao resto. E con respecto ao demais, hai unha cousa que polas opinións que escoitei de min, que oín falar de min, hai unha cousa que seguramente non saben pero que eu quero que lles quede clara de min. Un dos valores fundamentais da miña vida e un dos ideais que me move é a liberdade e dela farei uso sempre; xamais permitirei nin na miña vida, nin política nin persoal, nin imposicións nin ditaduras e conforme a elo actúo. Sei que isto, a liberdade, non é gratuíta, implica pagar un prezo que pago con gusto porque, miren, se non tivera en grande valor a liberdade, teñan por seguro que eu sería un arrastrado. Se fose un arrastrado, teñan por seguro que hoxe estaría ocupando unha *silla* que non ocupo agora mesmo; pero o que nunca serei na miña vida será un arrastrado. Deixo constancia disto para que lle quede a todos claro e para que, a ser posible, se metan nas súas vidas e deixen as dos demais. Polo que respecta á acta, xa o Alto Tribunal se ten posicionado claramente de quen é. Eu presentareime de novo ás eleccións en Piñor con outra forza política e a xente poderá ver que os votos son da xente, poderá ver claramente a quen se lle vota. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourenzana (1) e de don Francisco José Fraga Civeira.

E, ás 11.00 horas do día 6 de marzo de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**